



Concello de
OURENSE



XVI CERTAME DE CINEMA INTERNACIONAL ESCOLAR OUFF ESCOLA 2025

A Concellaría de Educación do Concello de Ourense en colaboración coa Secretaría Xeral da Lingua convoca o XVI Certame de Cinema Internacional Escolar Ouff Escola.

O Certame de Cinema Internacional Escolar Ouff Escola nace co obxectivo de impulsar o uso do idioma galego entre a mocidade, coñecer a visión desta sobre a súa contorna sociocultural e fomentar a creatividade audiovisual e o traballo en equipo, nunha linguaxe atractiva para o alumnado, que contribúa a xerar un espírito crítico. Este certame pretende, así mesmo, potenciar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación nos centros de ensino e crear un espazo de referencia para a mostra do audiovisual feito nas aulas.

Esta iniciativa encádrase como ferramenta dentro da **Directiva Europea de Alfabetización Mediática**, que procura darlle formación á mocidade sobre o coñecemento e a avaliación do audiovisual.

“Facer cine en Galicia é posíbel. Facer cine en galego é necesario, calquera cultura que queira sobrevivir precisa do cine.”

Chano Piñeiro



Concello de **OURENSE**



BASES E CONVOCATORIA

XVI CERTAME INTERNACIONAL DE CINEMA ESCOLAR OUFF ESCOLA 2025

1 FINALIDADE DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é regular o procedemento de aceptación e participación de proxectos audiovisuais no XVI Certame de Cinema escolar convocado polas devanditas entidades.

2 PARTICIPANTES

Poderán participar centros educativos públicos e privados de ensino non universitario de Galicia durante o curso 2024-2025, así como aqueles de fóra de Galicia que teñan materias en lingua galega. A participación realizarase sempre baixo a titoría dun profesor ou profesora responsábel do proxecto.

3 CATEGORÍAS

Estabelécense dúas categorías:

- A) Infantil e primaria
- B) Outros niveis de ensino non universitario (agás as escolas oficiais de Imaxe e Son)

4 CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS AUDIOVISUAIS

As obras deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Todos os traballos estarán en lingua galega.
- Deberán ser orixinais ou adaptacións, non comercializados e non presentados con anterioridade a este certame.
- Modalidades: ficción, documental e animación.
- Duración: até 20 minutos, créditos incluídos.
- A temática será libre.
- Quedarán excluídos aqueles traballos que inciten ao racismo, xenofobia, homofobia e calquera tipo de violencia, así como os que atenten contra a dignidade da persoa.
- As obras presentaranse en formato dixital.
- Cada traballo non deberá conter máis dunha obra e deberá estar en perfecto estado



Concello de **OURENSE**



para a súa proxección.

- Cada obra irá identificada co título, a duración e o centro de ensino de procedencia.
- De apareceren menores de idade, deberán contar coa autorización paterna e/ou materna.
- Calquera apropiación indebida de dereitos de autor –imaxe e son– ou incumprimento das bases desta convocatoria é responsabilidade directa do profesor/a ou titor/a.
- Todo o proceso de creación da película (interpretación, dirección e guión) deberá ser realizado polo alumnado ou membros da comunidade escolar.

5 INSCRICIÓN NO CERTAME

A inscrición formalizarase:

1. Enviando o cuestionario que aparece na sección de OUFF Escola das páxinas web www.educacionourense.com e www.ouff.org antes do 1 de outubro 2025, totalmente cuberto e asinado polo profesor ou profesora responsábel do audiovisual ao enderezo de correo electrónico **ani.cacabelos@ourense.es**
2. Para a recepción dos traballos facilitarase unha ligazón á película e a súa clave de visionado a través de Vimeo ou similar, que se enviará a este correo electrónico: **ani.cacabelos@ourense.es**

6 XURADO

O xurado estará composto por 5 persoas. Tres dos seus membros serán nomeados polo Concello de Ourense e os outros dous pola Secretaría Xeral da Lingua

Os membros do xurado valorarán os seguintes criterios:

- Calidade da obra
- Orixinalidade do argumento
- Autenticidade e calidade no uso da lingua
- Potenciación de valores democráticos e de tolerancia
- Uso creativo das novas tecnoloxías e das ferramentas de software libre

A DECISIÓN DO XURADO SERÁ INAPELÁBEL



Concello de **OURENSE**



As curtametraxes premiadas serán publicadas nos seguintes enderezos web:

- www.educacionourense.com
- www.ouff.org
- <https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega>

7 PREMIOS

OUFF Escola concederá os seguintes premios:

Categoría A

1.º Premio: seiscentos euros (**600 €**) para o centro educativo.

2.º Premio: catrocentos euros (**400 €**) para o centro educativo.

3.º Premio: douscentos euros (**200 €**) para o centro educativo.

Premio Blanco Amor ao Mellor Guión: trescentos euros (**300 €**) para o centro educativo.

Categoría B

1.º Premio: seiscentos euros (**600 €**) para o centro educativo.

2.º Premio: catrocentos euros (**400 €**) para o centro educativo.

3.º Premio: douscentos euros (**200 €**) para o centro educativo.

Premio Blanco Amor ao Mellor Guión: trescentos euros (**300 €**) para o centro educativo.

O acto de entrega de galardóns realizarase no Auditorio Municipal de Ourense, no cal se proxectarán os traballos gañadores nas salas cinematográficas vinculadas ao Certame.

Todas as obras presentadas recibirán un diploma acreditativo da súa participación.

Non se concederán premios *ex aequo*. De estimar o xurado que os traballos non reúnen a calidade suficiente, os premios poderán ficar desertos.

INFORMACIÓN ADICIONAL

A inscrición no XVI Certame Internacional de Cinema Escolar Ouff Escola, implicará a total aceptación destas bases polos participantes.

A súa interpretación, así como outros aspectos que poidan xurdir sen estaren contemplados nestas bases, serán competencia exclusiva da organización do Certame.

O Concello de Ourense resérvase o dereito de poder exhibir os audiovisuais inscritos, con fins educativos e culturais, non comerciais e sen ánimo de lucro, en actividades como ciclos, cursos de cine, xornadas de promoción e outros.

Non se devolverán as copias dos traballos presentados.



Concello de **OURENSE**



FICHA DE INSCRICIÓN NO XVI CERTAME INTERNACIONAL DE CINEMA ESCOLAR OUFF ESCOLA

DATOS DO CENTRO

NOME DO CENTRO:	
NIF/CIF:	RÚA, N.º, ANDAR, PORTA:
LOCALIDADE:	
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
NOME E APELIDOS DO PROFESOR OU PROFESORA RESPONSÁBEL:	
NIF:	CORREO ELECTRÓNICO:

OBRA PRESENTADA

TÍTULO DA OBRA:	DURACIÓN:
N.º DE PARTICIPANTES:	CURSO/S:
CONTA COA AUTORIZACIÓN PATERNA DO ALUMNADO PARTICIPANTE: SI NON	

SINOPSE ARGUMENTAL:

A sinatura desta ficha implica a aceptación das bases que regulan o XVI Certame Internacional de Cinema escolar OUFF Escola por todos os participantes.

PROFESOR/A RESPONSÁBEL

Asdo.:

Data:

De conformidade co disposto na Lei de protección de datos (L.O.15/1999), os datos de carácter persoal recollidos neste impreso serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste certame. O/a seu titular pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da lei, para o que se dirixirá ao Concello de Ourense, Concellería de Educación (Canle,6, Ourense).